

1 REGULAMENTO DA ASEMBLEA NACIONAL CONSTITUÍNTE DA 2 MOCIDADE SOCIALISTA GALEGA (MSG)

3 4 **Artigo 0**

5 Este regulamento artéllase a partires da reunión dos mozos e mozas do
6 Consello Político Nacional de Espazo Socialista Galego, cunha decisión
7 tomada por unanimidade dos presentes de delegar no proceso xa en marcha
8 *Espazo Aberto en Galiza Nova* a constitución das mocidades do Partido.

9 10 **Artigo 1**

11 Poderán tomar parte como asembleístas con pleno dereito de voz e voto á
12 Asemblea Nacional ConstituínTE da Mocidade Socialista Galega todas aqueles
13 mozos e mozas convocadas á mesma que se identifiquen co proxecto do
14 nacionalismo xuvenil galego desde unha óptica socialista e republicana e
15 libremente desexen participar na constitución dunha organización partidaria no
16 seo de Galiza Nova baixo estas coordenadas. Este organización partidaria
17 constituirase como mocidades do Espazo Socialista Galego, partido integrante
18 do BNG. Fíxase para esta asemblea como cota xenérica de 5 €, cantidade que
19 deberá ser abonada por cada persoa na asemblea ao acreditarse.

20 21 **Artigo 2**

22 Como observadores ou observadoras, con voz e sen voto, poderán asistir á
23 Asemblea Nacional os e as simpatizantes convidados e convidadas.

24 25 **Artigo 3**

26 A Mesa Nacional do proceso *Espazo Aberto en Galiza Nova* aprobará o texto
27 definitivo dos relatorios, enviándoos ás comarcas para a súa discusión. Estes
28 textos irán acompañados dos votos particulares sempre que os interesados ou
29 interesadas membros da Mesa Nacional, manifesten a vontade de mantelos.

30 31 **Artigo 4**

32 As Asembleas Comarcais debaterán os relatorios e votos particulares, podendo
33 formular emendas á totalidade ou parciais. Para que unha emenda pase a
34 debate na Asemblea Nacional ConstituínTE, precisa dunha votación favorábel
35 dun mínimo do 20% dos votos emitidos na Asemblea Comarcal. Naquelas
36 comarcas non constituídas formalmente, os e as militantes enviarán as
37 emendas en tempo e forma por correo electrónico quedando incorporadas
38 automaticamente para a súa toma en consideración.

39 40 **Artigo 5**

41 Os debates realizaranse en plenario, e en sesión de mañá e tarde. A propia
42 Asemblea Nacional ConstituínTE elixirá unha Mesa do Plenario que dirixirá os
43 debates da mesma. A citada Mesa estará composta por tres membros dos que
44 un ou unha exercerá a Presidencia e dous a Secretaría, sendo estes últimos
45 responsábeis de elaborar a acta da Asemblea.

46 47 **Artigo 6**

48 A Mesa Nacional designará ás persoas encargadas de defender os textos
49 oficiais no Pleno.

1
2
3
4
5
6
7
8
9
10
11
12
13
14
15
16
17
18
19
20
21
22
23
24
25
26
27
28
29
30
31
32
33
34
35
36
37
38
39
40
41
42
43
44
45
46
47
48
49
50

Artigo 7

Se ningún membro do plenario asume a defensa dunha emenda, a emenda entenderase desbotada.

Artigo 8

No debate de cada emenda haberá un turno a favor e outro en contra, seguidos, se fose necesario a criterio da Presidencia da Mesa, dun turno de réplica.

Artigo 9

Relatores e emendantes poderán chegar a emendas transacionais. Neste caso someteranse as dúas a votación, primeiro a orixinal e en segundo lugar a transacional, sempre que alguén quixera manter o texto orixinal.

Artigo 10

Se unha emenda é aprobada, o seu texto substituirá ao correspondente do relatorio. Se todas foran rexeitadas, entenderase aprobado o texto orixinal da mesma.

Artigo 11

Cada relatorio someterase á decisión final do pleno que os aprobará ou rexeitará no seu conxunto nunha soa votación. O pleno aprobará as propostas que acaden maioría simple, isto é, que contén con máis votos a prol que en contra.

Artigo 12

Os e as asembleístas terán de prazo ata as 16:30 h., cando se inicie a sesión de tarde, para presentar ante a Mesa do Plenario propostas de Resolución da Asemblea Nacional, que serán aprobadas pola Mesa Nacional unha vez reunido após ser electa.

Artigo 13

A Asemblea Nacional Constituínte elixirá 9 membros para formar parte da Mesa Nacional. A elección farase por medio candidaturas pechadas, que deberán contar cunha lista de titulares igual ao número de postos a cubrir máis un mínimo de 3 suplentes, e deberá presentarse ante a Mesa Nacional antes das 00.00 horas do día 23 de abril de 2009.

Artigo 14

En caso de se presentaren máis dunha candidatura, a votación será segreda e os postos distribuiranse polo procedemento proporcional directo. Se só existise unha e ninguén solicita o contrario, a votación faríase a man alzada, quedando proclamada se obtén máis votos a prol que en contra. En caso de que alguén solicite voto secreto, a elección faríase deste xeito.

Artigo 15

A Mesa Nacional do proceso Espazo Aberto en Galiza Nova poderá presentar unha proposta de candidatura de Mesa Nacional se esta é aprobada previamente cun respaldo de 3/5.

1
2
3
4
5
6
7
8
9
10
11
12
13
14
15
16
17
18
19
20
21
22
23
24
25
26
27
28
29
30
31
32
33
34
35
36
37
38
39
40
41
42
43
44
45
46
47
48
49
50

Artigo 16

A Portavocía Nacional recaerá en quen encabece a lista máis votada.

Artigo 17

Cando cause baixa un membro da Mesa Nacional, o seu posto será cuberto co seguinte da lista correspondente.

Artigo 18

Posteriormente á elección da Mesa Nacional, o Pleno procederá á elección dos membros da Comisión de Garantías, a proposta da Mesa Nacional tendo que acadar un apoio asemblear de 3/5. Esta lista estará composta por 3 titulares e 2 suplentes, que non poderán tomar parte da Mesa Nacional.

Artigo 19

A nova Mesa Nacional reunirse no prazo dun mes logo da Asemblea Nacional, para o cal as asembleas comarcais deberanse ter constituído e eleito ás correspondentes secretarías comarcais, que se incorporarán a este órgano.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

D. A. Primeira

A nova Mesa Nacional editará os textos aprobados no prazo máximo de seis meses tras a celebración desta Asemblea Nacional Constituínte.

D. A. Segunda

As emendas ao presente Regulamento non poderán ter carácter retroactivo. Por tanto, o Regulamento, unha vez aprobado pola Mesa Nacional do proceso Espazo Aberto en Galiza Nova, será válido e inemendábel ata a constitución da Asemblea Nacional Constituínte, podéndose na propia Asemblea na sesión plenaria acordar modificacións.

D. A. Derradeira

A Mesa que preside a Asemblea Nacional está facultada para interpretar este Regulamento en casos de dúbida ou omisión.

1 **Relatorio Ideolóxico**

2

3 **Preámbulo**

4 Polo presente documento pretendemos presentar o corpus ideolóxico
5 dunha organización política de mocidade, cunha visión do nacionalismo
6 eminentemente de esquerdas e cun carácter socialista e republicano e en
7 consecuencia democrático. A nosa existencia pretende un duplo obxectivo: por
8 unha banda sermos un espazo aberto para a mocidade galega e pola outra
9 apurar e mellorar as propostas ideolóxicas e as dinámicas de traballo de Galiza
10 Nova. Acreditamos nas mocidades do BNG como mellor ferramenta de
11 autoorganización da mocidade galega e entendemos á fronte no seu conxunto
12 como a ferramenta política para a construción nacional e o benestar social do
13 noso país. Galiza Nova precisa urxentemente de novos mecanismos, novas
14 maneiras, novos métodos e novas formas de facer política xuvenil. É a nosa
15 tarefa implementalos e sumar a toda a xente que estea disposta a aportar o
16 seu esforzo nesta tarefa, tendo á fraternidade como un dos principais vectores
17 de actuación. Entendemos, tamén, que a imaxinación e a permeabilidade
18 deben ser piares vertebrais nas novas formas de facer política xuvenil. A
19 asunción do pluralismo e o recoñecemento orgánico do mesmo, xunto coa
20 versatilidade para os acordos son presupostos básicos para a acción política
21 actual.

22 **Principios Ideolóxicos Básicos da Mocidade Socialista Galega**

23 **1.1. Nacionalismo cívico**

24 Somos nacionalistas galegos e galegas, xa que acreditamos en que Galiza é
25 unha nación e polo tanto ten dereito á súa autodeterminación. Galiza
26 configúrase pois, como nación europea formada ao longo de séculos polas
27 galegas e os galegos, baseándose nunhas determinadas características
28 obxectivas (lingua, historia, cultura e territorio común) e pola consciencia e a
29 vontade de sermos unha nación. Demandamos os dereitos políticos que nos
30 corresponden por tal condición.

31 **1.2. Socialismo democrático: igualdade e liberdade**

32 Como mozos e mozas nacionalistas e de esquerdas, un dos nosos principios
33 compromisos é coa igualdade. Fica claro que o modelo do capitalismo
34 neoliberal é un auténtico fracaso que nada máis que xerou máis desigualdades,
35 aumentou as diferencias dentro dos propios Estados e tamén está a aumentar
36 as desigualdades a nivel global entre Norte e Sur. O noso compromiso ten que
37 estar coas clases desfavorecidas, en Galiza, mais tamén en todo o planeta, e
38 buscar solucións contundentes ao crónico subdesenvolvemento de países e
39 pobos sometidos aínda a dependencia colonial. Debemos aspirar a unha
40 sociedade máis igualitaria, e iso pasa polo afortalamiento da estruturas políticas
41 dos Estados fronte a aposta das megacorporacións de baleiralos de contido. O
42 Estado, en si mesmo, é un garante da xustiza social. Para a existencia dunha
43 democracia avanzada debe haber unha igualdade real entre todos os membros
44 dunha sociedade, desaparecendo as discriminacións por cuestións de xênero,

1 orientación sexual, lingua, relixión, credo político, etc. Polo tanto, desde
2 Mocidade Socialista Galega loitaráse pola igualdade de oportunidades nun
3 Estado forte.

4 Tamén queremos unha sociedade en liberdade. Defendemos firmemente a
5 liberdade do cidadán e da cidadá, a súa autonomía para a toma de decisións, a
6 súa liberdade de expresión, de pensamento, liberdade de opción sexual... Así,
7 lonxe dos ideoloxismos e dogmatismos, a nosa organización quere presentar
8 unha esquerda aberta, adaptada aos tempos actuais, xa que dende a esquerda
9 é como mellor podemos garantir o benestar e a igualdade para a poboación e
10 en especial ás clases máis desfavorecidas. Neste sentido, os obxectivos deben
11 ser reforzar, desde o socialismo democrático que constitúe a nosa ideoloxía, a
12 protección e servizos sociais para todo o mundo, avanzar no Estado do
13 Benestar e procurar reforzar os mecanismos de axuda sen paternalismos ao
14 terceiro mundo para que sexan donos da súa soberanía. Para iso fai falta
15 tamén unha economía que funcione, pero nunca ao servizo dunha oligarquía,
16 senón dende o servizo ás maiorías sociais. Avogamos pois, por un tránsito
17 desta economía capitalista a unha economía social, cun cambio nas estruturas
18 e unha modificación sustancial das pautas de produción e consumo, a través
19 dun desmantelamento progresivo das bases do modelo do capitalismo
20 neoliberal, e encamiñarmonos cara un sistema moito máis xusto, equitativo e
21 equilibrado. Acreditamos na igualdade de oportunidades e na redistribución da
22 riqueza dende o servizo ás maiorías sociais.

23 **1.3. Autodeterminación cara a República Galega.**

24 A Mocidade Socialista Galega é unha organización xuvenil nacionalista que
25 defende o inalienábel dereito de autodeterminación da nación galega. A nosa
26 concepción de autodeterminación é dinámica, non entendéndoa como unha
27 sorte de referendo nun momento dado, senón a través de pequenas
28 conquistas. Neste sentido o noso horizonte político é a constitución dunha
29 República Galega, social, solidaria e democrática. Esa República escollería
30 como integrarse, libre e democraticamente, cos demais pobos ibéricos e
31 europeos en pé de igualdade, coa vocación inexcusábel de construír espazos
32 de gobernanza multinivel a pero sempre de a nosa propia soberanía.

34 **1.4. Republicanismo e democracia participativa**

35
36 O noso compromiso coa república e co concepto de cidadanía máis puro,
37 lévamos irremediamente a defender unha democracia que vaia máis aló do
38 mero voto. Cremos no Republicanismo como aposta pola participación da
39 cidadanía na xestión diaria da *Res Publica*. Unha democracia onde se crean
40 organismos de participación cidadá nas institucións públicas e se combina a
41 democracia representativa coa participativa. En definitiva, é a defensa da
42 existencia dunha cidadanía realmente consciente de selo e que tamén exerce
43 como tal. Avogamos, pois, por unha democracia participativa no que se
44 conxuguen elementos e células a partires dos cales o pobo teña capacidade de
45 expresión e de acción directa. Dende a nosa posición, a democracia
46 participativa lexitima un sistema político, xa que parte da cidadanía faise
47 corresponsábel das decisións, promovendo iniciativas e mellorando e eficacia

1 do medio político onde se insiren. Nesta liña, xérase, ademais, benestar social,
2 xa que a participación das persoas fai que non se limite a aceptar e aplicar as
3 decisións de outros, senón que se sinten responsábeis do melloramento da súa
4 calidade de vida. Ademais, socialízase a política, fiscalízanse aos poderes
5 públicos e se aproveitan as experiencias e a capacidade de todos e todas,
6 mediante unha rede entre goberno e diversas comunidades, grupos de
7 interese, sectores e institucións.

9 **1.5. Europeísmo**

10 O facto obxectivo da configuración da nación galega como nación europea,
11 leva á Mocidade Socialista Galega a apostar por unha unidade de pobos e
12 nacións, baseada nunha construción en que todas e cada unha delas aparezan
13 en pé de igualdade. Polo tanto avogamos por unha unidade europea do social,
14 e dos pobos, superando o actual modelo baseado na simple unidade do
15 económico e do mercantil. Debemos dicir alto e claro que a actual Unión
16 Europea está moi lonxe de ser o noso ideal político, e moito máis coa deriva
17 reaccionaria e neoliberal dos últimos anos. Por todo isto desexamos un cambio
18 total de rumbo e apostar polo reforzamento das estruturas políticas en
19 detrimento das económicas, cun papel importante das nacións como a nosa.

20 **1.6.Lingua**

21 Observamos con preocupación que tras máis de 25 anos de campañas a prol
22 da normalización do noso idioma a lingua non só non se ten recuperado, mais
23 ten diminuído a niveis mínimos na poboación máis nova, auténtico garante da
24 supervivencia digna do galego. No que atinxe á lingua, dende a Mocidade
25 Socialista Galega deféndese o monolingüismo social en galego cun sistema
26 educativo galego que, a súa vez, debe promover o multilingüismo e o
27 coñecemento de cantas máis línguas mellor, poñendo en valor a pluralidade
28 lingüística. Desde as administracións públicas debe haber unha tarefa de
29 planificación lingüística a través de planos participados de normalización que
30 inclúan medidas legais e outro tipo de accións (campañas de sensibilización,
31 cursos, ferramentas, etc.) para ir gañando usos sociais e falantes ao idioma
32 propio da Galiza. Desde as distintas administracións velarase polo
33 cumprimento dos anteditos planos, así como de toda a lexislación en materia
34 lingüística, de tal xeito que se garanta ao conxunto da cidadanía do noso país a
35 posibilidade de poder vivir plenamente en galego. A pertenza do galego ao
36 sistema lingüístico galego-portugués e as oportunidades que esta xera en moi
37 diversos ámbitos debe ser aproveitado por parte da administración. A Mocidade
38 Socialista Galega defende o galego como lingua internacional, e a liberdade
39 normativa tanto no seu seo como na propia sociedade e nas administracións
40 públicas. En consecuencia a organización actuará como exemplo cara a este
41 camiño e para facilitalo comprométese, sempre que fora materialmente posíbel,
42 a utilizar en toda a súa documentación interna as dúas normativas utilizadas
43 para o galego no noso país: a chamada normativa da RAG-ILG e a normativa
44 da AGAL.

45 **1.7. Ecoloxismo e sustentabilidade**

46 Desde a Mocidade Socialista Galega entendemos que o medio natural e un dos
47 elementos fundamentais que crean benestar. Somos conscientes de que un
48

1 medio de calidade, achéganos a un sector primario moito máis poderoso, con
2 mellores condicións para unha explotación pesqueira, agrícola, gandeira ou
3 forestal cun modelo organizado e sostíbel, tamén respectuoso co propio medio.
4 Como xerador de benestar social, falamos non só no relativo ao ocio, mais
5 tamén, no referente a calidade de elementos fundamentais para a vida como o
6 son o aire e máis a auga. Um medio de calidade é, por si mesmo, un elemento
7 patrimonial vital, se falamos de biodiversidade, se falamos de espazos
8 singulares, ligado directamente a outros elementos patrimoniais como a lingua,
9 a etnografía....

10 Polo tanto Mocidade Socialista Galega defenderá un modelo de
11 desenvolvemento sustentábel que satisfaga as necesidades do presente sen
12 comprometer a capacidade de futuras xeracións para satisfacer as propias.
13 Nese sentido entendemos que o progreso económico ou industrial debe
14 materializarse nas coordenadas acaídas a nivel ambiental, sempre
15 axustándose a lexislación vixente, e nunca amparándose no dubidoso feito de
16 que o que pode pagar pode contaminar. Avogaremos pola conquista da
17 soberanía ambiental, entendida como o dereito do pobo galego a recibir un
18 medio natural de calidade e nas mellores condicións posíbeis, e mais coma a
19 obriga de mantelo e transmitilo do mesmo modo para as vindeiras xeracións.
20 Impulsaremos políticas de carácter transversal, sendo consecuentes coa propia
21 transversalidade da temática ambiental, a nivel de conservación de espazos
22 naturais, de recursos hídricos, de medidas anticontaminación, de propostas
23 lexislativas limitantes....Optaremos pola mobilización da sociedade para
24 defender o noso medio natural de calquera ataque que o dane ou o destrúa.
25 Defenderemos publicamente e tentaremos, tamén, impulsar campañas de
26 concienciación para a mocidade e a sociedade en xeral, en diversos ámbitos
27 relacionados.

30 **1.8. Respecto á Diversidade Social**

31
32 Dende a Mocidade Socialista Galega avogamos pola liberdade dos individuos,
33 sen máis limitación que o respecto mutuo entre os cidadáns e cidadás. Así,
34 defendemos como un ben a conservar, a diversidade de credos, ideoloxías,
35 tradicións, orixes, culturas... Defendemos e apoiamos os dereitos das e dos
36 homosexuais, en pe de igualdade co resto de cidadáns e cidadas, sen que
37 poida caber en ningún caso diferenza de trato entre estes e os heterosexuais.
38 Defendemos a plena integración das e dos inmigrantes na nosa sociedade,
39 cos mesmos dereitos e obrigas que calquera outro cidadán ou cidadá.
40 Pularemos por un traballo activo na visibilización de sectores especialmente
41 sensíbeis da sociedade: sen teito, persoas con minusvalía, parados... a través
42 da colaboración sostida con organizacións que traballen nos distintos ámbitos.

44 **1.9 Laicismo**

45
46 Os valores laicos e civís deben ser os fundamentos da convivencia
47 democrática e desde eles afrontar o respecto á diversidade cultural e relixiosa.
48 É necesario tamén que as organizacións políticas asuman a responsabilidade
49 de exercer unha pedagogía democrática constante. Temos o deber de defender
50 os valores comúns do laicismo, porque neles asenta o Estado Democrático e

1 os poderes que lle damos á cidadanía. Desde o valor do laicismo teremos que
2 crear as formas de convivencia moral e política da sociedade, que permita
3 avanzar cara a novos modelos en que o Estado non teña que ceder ante as
4 doutrinas relixiosas. O laicismo é unha conquista para a defensa dos valores do
5 humanismo, polo que reafirmar a súa importancia serve para afianzar o garante
6 da liberdade de conciencia e a afirmación de valores comúns que fundamentan
7 a idea de cidadanía por riba das crenzas particulares. Debemos, sobre todo,
8 denunciar as imposicións e intromisións da Igrexa e a xerarquía na vida privada
9 dos cidadáns, e nomeadamente da mocidade.

10 **1.10. Feminismo**

11 A loita pola igualdade entre as persoas e a non discriminación por razón de
12 xénero tense afortalado nestes últimos anos e as forzas políticas teñen
13 asumido a necesidade de traballar por iso, aínda que con distintos niveis de
14 compromiso. Esta é unha loita necesaria e prioritaria para avanzar na
15 construción da sociedade democrática. Alén das medidas de tipo paliativo,
16 nomeadamente na cuestión da violencia machista, entendemos que a
17 esquerda e o pensamento progresista en xeral debe abordar esta cuestión de
18 un modo preventivo, mediante a educación, o uso dos medios de
19 comunicación, para que a cidadanía interiorice no máis profundo dos seus
20 valores a igualdade dos homes e das mulleres en todos os ámbitos da vida.
21 Aspiramos a unha sociedade absolutamente igualitaria entre homes e mulleres,
22 e ese debe ser sempre o horizonte final que nos guíe nas nosas actuacións
23 políticas. Por iso, e entendendo que as organizacións como a nosa, teñen a
24 obriga de crear unha conciencia social sobre esta problemática, plantexámonos
25 a necesidade dunha política militante e activa na concienciación da mocidade
26 no igualitarismo entre homes e mulleres, dado que é ben máis fácil educar a un
27 mozo que un adulto. Alén diso, participaremos en todos os movementos
28 feministas que están a actuar no noso país, tanto para aprender día a día a
29 mellorar a nosa actuación política como para contribuír co noso grao de area.
30 Estamos a prol da defensa dos dereitos das mozas, en todos os ámbitos
31 sociais e particularmente no que atinxe á defensa dos dereitos sexuais e
32 reprodutivos, sabendo que neste tema é tamén necesaria a aplicación de
33 medidas preventivas, nomeadamente no campo educativo, incidindo na
34 necesidade de levar á práctica o principio da co-educación.

37 **1.11. Fraternidade, Irmandade e cooperación**

38 Hoxe en día, existe un individualismo esaxerado inxectado polo catecismo
39 neoliberal do sálvese quen poida, constatado nos cativos niveis de
40 organización a nivel estudantil, cultural ou sindical. Tamén semella curioso que
41 na actualidade, nas organizacións sociais e políticas de corte transformador,
42 contra o que supostamente se loita, que non é outra cousa que as pautas de
43 competición ultraliberal, se vaian asumindo como propias e mesmo
44 consideralas como única forma de conduta viábel. Neste sentido, dende a
45 Mocidade Socialista Galega apostamos pola introducción dun valor republicano
46 como é o da fraternidade, cunha nova forma de facer política dentro do
47 nacionalismo e na sociedade, baseado na cooperación e na irmandade.

1 1.12 Multiculturalismo

2 Galiza foi historicamente un país emisor de emigrantes cara outros territorios
3 mellor inseridos no sistema-mundo capitalista, de feito ese segue a ser o papel
4 estrutural que se lle dá no seo do Estado Español: un país fornecedor de man
5 de obra, materias primas e un destino turístico singular. Non é que esta
6 situación mudara, posto que milleiros de compatriotas e sobre todo mozos e
7 mozas seguen a emigrar, se non que a posición relativa do noso país no
8 contexto internacional faino un destino interesante para milleiros de persoas
9 doutros países que foxen da inxusta condea que supón a actual orde
10 económica internacional. A poboación de orixe foránea que reside na Terra
11 multiplicouse por cinco nos últimos dez anos, superando xa en número à
12 poboación total da capital do país. Os concellos con maior porcentaxe de
13 poboación foránea son, asemade, eminentemente rurais (Padrenda, Entrimo,
14 Lobios, Oimbra, Verín, A Gudiña, A Mezquita, O Barco de Valdeorras,
15 Carballada de Valdeorras, Negueira de Muñiz, Rábade e Burela). Hoxe en día,
16 na Galiza enfrontamos o repto da multiculturalidade. A nosa sociedade amosa,
17 no entanto, varios riscos que potencialmente poden converxer no cultivo de
18 actuacións racistas e xenófobas: unha sociedade tradicionalmente coherente e
19 uniforme nos eidos cultural, relixioso e étnico, cunha hexemonía tradicional dos
20 valores conservadores na política e na cultura, unha forte compoñente rural e
21 unha estrutura de clases que favorece o conflito entre os nativos e os foráneos
22 polos postos de traballo precario. É un perigo que cómpre enfrontar
23 decididamente. Apenas hai datos sobre violencia xenófoba ou racista no país
24 pero é un perigo que debemos conxurar antes de que se produza. Galiza
25 estase a converter nunha sociedade plural en diversos ámbitos coma a etnia, a
26 orixe cultural, a relixión e os costumes. É preciso incorporar este novo
27 continxente poboacional a loita pola emancipación nacional e social do noso
28 pobo, pois non debemos esquecer que moitos veñen con idea de volver ao seu
29 país de orixe, pero, sen dúbida, como ben sabemos os galegos e galegas,
30 moitos ficarán. Galiza é unha obra aberta a quen estea disposto a traballar
31 nela.

32 Neste sentido, apostamos polo respecto ao multiculturalismo no seo da
33 sociedade galega, colaborando na integración no noso país das persoas
34 provenientes doutros países con culturas distintas á nosa a través de políticas
35 públicas. Estas políticas deberán atender aos dereitos das e dos inmigrantes
36 que veñan ao noso país. A mellor forma de integrar non é creando ghettos ou
37 perseguindo ao que é distinto a nós, senón garantindo a todas as persoas que
38 están á procura dunha vida mellor unhas condicións de vida dignas e
39 ofrecerlles todas as posibilidades de integrárense de forma paulatina na nosa
40 sociedade, enriquecéndoa coa súa cultura e mellorando as condicións
41 materiais para nós e para eles en pé de igualdade.

42 1.13. Sociedade da información e do coñecemento

43 As sociedades da Información caracterízanse por ter capacidade para xerar
44 información e coñecemento atendendo ás nosas necesidades e así converter a
45 transferencia dese coñecemento en ferramenta útil para o beneficio de todos e
46 todas. O rápido progreso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación

1 (TIC) ofrece grandes oportunidades de desenvolvemento para a socialización
2 do coñecemento e acadar maiores niveis de benestar. Creando as condicións
3 necesarias, as TIC favorecen a produtividade, xerando crecemento económico
4 sostible, emprego e fomentando a ocupabilidade, mellorando así a calidade de
5 vida. Dende a Mocidade Socialista Galega debemos avogar pola
6 democratización e a universalización dese coñecemento, apoiando medidas
7 efectivas para garantir un acceso igualitario de oportunidades para todos e
8 todas. Un camiño que esixe mellores infraestructuras tecnolóxicas, pero tamén
9 un esforzo educativo e cultural para o seu emprego. Tamén temos que prestar
10 especial importancia ás persoas con discapacidades sensoriais ou motoras
11 para que poidan acceder ao uso normalizado das tecnoloxías da información,
12 implementando as medidas oportunas. Neste sentido, un dos nosos obxectivos
13 será o de facilitar o desenvolvemento industrial e innovador da PEME do sector
14 TIC en Galiza, achegar a Sociedade da Información e o Coñecemento á
15 sociedade galega, potenciar o uso de aplicacións informáticas na nosa lingua e
16 impulsar a utilización de estándares abertos e software libre.

17
18
19
20
21
22
23
24
25
26
27
28
29
30
31
32
33
34
35
36
37
38
39
40
41
42
43
44
45
46
47
48

1 Relatorio de Acción Organizativa

4 0. Preámbulo

7 A Mocidade Socialista Galega constitúese como organización xuvenil,
8 incardinada na estrutura de Espazo Socialista Galego (ESG), partido político
9 integrante do Bloque Nacionalista Galego, e converténdose na súa
10 organización de mocidades. Así mesmo, participará de Galiza Nova,
11 organización das mocidades do BNG. Adopta como estrutura orgánica a do
12 Partido, ao abeiro dos principios estatutarios recollidos nos Estatutos que
13 aproba esta mesma Asemblea Nacional Constituínte.

17 1. Organismos de Dirección Nacionais

19 1.1. Introducción

21 A referida estrutura orgánica, áxil ao mesmo tempo que democrática, adopta a
22 seguinte estratificación no ámbito nacional:

- 24 - ASEMBLEA NACIONAL
- 25 - CONSELLO NACIONAL
- 26 - PORTAVOCIA NACIONAL
- 27 - COMISIÓN DE GARANTÍAS

30 1.2. Asemblea Nacional

33 A Asemblea Nacional é o máximo organismo de decisión da Mocidade
34 Socialista Galega. Está aberta á participación de toda a militancia e nela
35 deberán deseñarse e aprobarse as liñas mestras do traballo político a
36 desenvolver ata a seguinte Asemblea Nacional. Reunirase ordinariamente cada
37 dous anos previa convocatoria da mesma polo Consello Nacional con tres
38 meses de antelación. Igualmente, poderá convocarse de forma extraordinaria,
39 cunha anterioridade mínima dun mes, cando así o solicite un tercio dos
40 membros do Consello Nacional ou mesmamente un tercio das asembleas
41 comarcais. Sen menoscabo do anterior, cómpre potenciar e promover foros
42 nacionais de debate que permitan sen a complexidade técnica e organizativa
43 da Asemblea afondar politicamente naquelas cuestións de interese, así como
44 fomentar a participación da propia militancia. Por conseguinte, convocados polo
45 Consello Nacional, poderán celebrarse conferencias nacionais ou encontros
46 para analizar o momento político ou discutir aspectos puntuais da política de
47 Galiza Nova, Mocidade Socialista Galega ou do ESG.

1.3. Consello Nacional

1.3.1. Funcionamento

O Consello Nacional establécese como máximo organismo de dirección política da Organización entre asembleas nacionais. Conforme os Estatutos, reunirase de forma ordinaria con periodicidade mensual e de forma extraordinaria cando se vexa necesario. A convocatoria ordinaria, que deberá ser realizada cun mínimo de sete días de antelación, corresponde á Portavocía Nacional. Tamén se reunirá por petición do propio Consello a petición dun terzo. Pola súa banda, a convocatoria extraordinaria será abondo facela con 48 horas de antelación. Deberá levantarse acta de cada unha das xuntas deste organismo, contemplándose alomenos asistentes e acordos adoptados.

1.3.2. Composición

Estará composto por:

- Os/as 9 membros natos/as de elección directa na Asemblea Nacional, cuxa elección efectuarase por listas fechadas, que deberán garantir na medida do posíbel a paridade, e baixo o procedemento proporcional directo.
- Os Responsábeis Comarcais, co obxecto de garantir a representación das comarcas neste organismo e o traslado das decisións adoptadas por este ao conxunto da organización. Neste senso, en todas as comarcas nomearase tamén un Vicerresponsábel Comarcal que substituirá ao Responsábel Comarcal, con voz e voto, cando este non poida asistir á xuntanza.
- Tamén se incorporarán a este organismo aquela militancia da Organización que tome parte da Dirección Nacional de Galiza Nova.

Organizaranse as seguintes responsabilidades, cando menos, entre os/as membros do Consello Nacional:

- Portavocía Nacional
- Responsabilidade de Organización.
- Responsabilidade de Finanzas.
- Responsabilidade de Comunicación.
- Responsabilidade de Acción en Galiza Nova
- Responsabilidade de Igualdade
- Responsabilidade de Formación

Ademais, poderán existir as seguintes responsabilidades sectoriais xestionadas por outros membros do Consello Nacional e, cando se estime conveniente, noutras persoas non membros do máximo órgano, a saber:

- Responsabilidade de Proxección Externa
- Responsabilidade de Acción Social
- Responsabilidade de Relacións Institucionais
- Responsabilidade de Ensino Medio

- 1 - Responsabilidade de Universidade
- 2 - Responsabilidade de Relacións Internacionais

3
4
5
6
7
8
9
10
11

O Consello Nacional terá a potestade de crear aquelas responsabilidades que sexan consideradas en cada momento, e eliminar aquelas que se considere sobrantes, á excepción das establecidas como de obrigatoria existencia.

Se existen responsabilidades que recaen en militantes non membros do máximo órgano, ficarán convidadas, con voz e voto, as distintas secretarías na celebración do Consello Nacional cando se trata un tema da súa incumbencia.

12 **1.4. A Portavocía Nacional**

13
14
15
16
17
18

Ostentará a máxima representación interna e externa da Organización a todos os niveis. A tal efecto, corresponderalle a portavocía da Organización sendo, salvo delegación específica, a única voz oficial. Poderá delegar na Secretaría de Organización aquelas cuestións que considere oportunas, se ben esta delegación deberá ser aprobada polo Consello Nacional.

19 **1.5 A Comisión de Garantías**

20 Existirá unha comisión que velará pola salvagarda, en última instancia, dos
21 dereitos das e dos militantes. Estará formada por tres militantes, e dous
22 suplentes, que non poderán formar parte da estrutura nacional da
23 Organización.

24

25 **2. Estructuras Territoriais**

26
27
28
29
30
31

No ámbito territorial, a Organización dotarase en cada caso dunha estrutura comarcal en consonancia coa de Galiza Nova, ao mesmo tempo que axustada á propia realidade que lle corresponda en cada intre, estratificándose do seguinte xeito:

32
33
34
35
36

- ASEMBLEA COMARCAL
- ASEMBLEA LOCAL

37 A Asemblea Comarcal é o foro primordial de participación e formación da
38 militancia. Non só é importante aumentar a filiación, senón tamén é fulcral que
39 esta nova afiliación se integre o máis posíbel na vida orgánica da Organización
40 e de Galiza Nova, de modo que a súa participación sexa efectiva á hora de
41 asumir o ideario político da Organización e do Partido. Cada Asemblea
42 Comarcal elixirá un Responsábel Comarcal (e un Vicerresponsábel) que
43 representará á súa comarca no Consello Político Nacional.

44

1 **3. Estrutura Telemática**

2 A irrupción de internet e as súas potencialidades de comunicación
3 multidireccional teñen implicacións nos usos e costumes diarios das persoas e,
4 desde logo, tamén a súa correspondencia no ámbito das organizacións. Ao
5 carón da estrutura formal e verticalizada das organizacións tense reforzado e
6 multiplicado unha estrutura informal, paralela e non xerarquizada que soborda
7 as tradicionais tertulias de café polo seu ámbito territorial, as súas
8 potencialidades temáticas e as súas múltiples aplicacións prácticas. Desde a
9 Mocidade Socialista Galega estamos dispostos a transformar a nosa estrutura
10 organizativa adaptándoa a esta nova realidade. Para isto crearemos unha rede
11 social para os/as membros da organización con obxecto de crear unha canle
12 de comunicación interna vertical e horizontal na que se poidan transmitir
13 informacións, facer debates, compartir experiencias, etc.. Non se poderá tomar
14 ningunha determinación política vencellante neste eido, correspondendo en
15 exclusiva aos órganos pertinentes da organización territorial que son os que
16 garanten o dereito a participar na toma de decisións de toda a militancia.

17 **4. Reforzamento e expansión territorial**

18
19 Éis un dos principais eixos de actuación e traballo da Organización nesta fase
20 vital inicial. Coa axuda e colaboración dos membros do Consello Nacional,
21 cómpre polo tanto a actuación en dous planos diferenciados:
22 - Consolidación e reforzamento dos núcleos comarcais cos que xa se conta
23 procedentes do proceso *Espazo Aberto en Galiza Nova*.
24 - Avanzar nos contactos de cara a constituír novos núcleos comarcais.

27 **5. Relacións con Galiza Nova**

28
29 A actuación da Mocidade Socialista Galega en Galiza Nova fundamentarase,
30 nos diferentes ámbitos, polo compromiso e a lealdade con Galiza Nova e coa
31 Frente, ofrecendo en todo momento cobertura externa a todas as decisións e
32 actuacións de Galiza Nova, aportando novas reflexións e ideas que a
33 enriquezan e deixando exclusivamente a canles internos a crítica construtiva
34 cando sexa preciso.

37 **6. Relacións co Espazo Socialista Galego**

38
39 A Mocidade Socialista Galega é, a todos os efectos, a organización das
40 mocidades do ESG, e como tal debe actuar. As relacións da Mocidade
41 Socialista Galega co Partido serán sempre de máximo apoio e cobertura ás
42 decisións que se tomen. En temas relacionados cos mocidade, a Mocidade
43 Socialista Galega ten total autonomía para levar adiante o seu traballo, sen
44 prexuízo do establecido nestes textos e nos aprobados pola Asemblea
45 Nacional do Partido. ESG apoiará, tanto organizativa como financeiramente os
46 esforzos da Mocidade Socialista Galega. A estrutura de ESG deberá dar apoio
47 e alento ás actividades da súa organización de mocidades. No prazo de tres (3)
48 meses dende a aprobación destes textos aprobarase un protocolo de relación

1 entre ámbalas dúas organizacións que será ratificado inicialmente polo
2 Consello Nacional e, posteriormente, haberá de ser ratificado pola seguinte
3 Asemblea Nacional.

6 **7. Acción Social**

8 Deberase prestar especial atención á actuación da militancia nos diferentes
9 ámbitos e movementos sociais, tendo claro que a nosa participación no
10 entramado social, desde a respectuosa defensa da democracia e da autonomía
11 funcional das organizacións, é unha fonte fundamental para achegar nova
12 militancia á Organización e a Galiza Nova. Con obxecto de abrir o nacionalismo
13 à sociedade e aumentar a súa presenza habilitarase a figura do colaborador/a
14 e do simpatizante, para así expandir a acción política para alén da actividade
15 da militancia propia estricta.

19 **7.1 Os/as simpatizantes.**

21 Os/as simpatizantes son persoas próximas ao ideario e acción política da
22 Mocidade Socialista Galega que inda non están dispostas a asumir o
23 compromiso da militancia. É labor das e dos responsábeis da Organización a
24 todos os niveis manter un censo de simpatizantes. A Mocidade Socialista
25 Galega recoñécelles o dereito a participar nas asembleas locais e comarcais
26 con voz pero sen voto. Serán os/as principais destinatarios da nosa
27 comunicación política externa.

29 **7.2 Os/as colaboradores/as.**

31 Os/as colaboradores/as son persoas que expresan a súa dispoñibilidade a
32 colaborar coa Mocidade Socialista Galega na súa acción política nun momento
33 puntual (unha campaña, acto, etc). Será tarefa dos/das responsábeis da acción
34 política puntual determinar o alcance da colaboración, así como de valorar a
35 súa inclusión no censo de simpatizantes.

38 **8. Finanzas**

40 Nesta fase vital da Organización, faise necesario artellar o antes posíbel unha
41 estrutura de cotas da militancia, aprobadas polo Consello Nacional a proposta
42 da Portavocía Nacional, base para o financiamento da Organización, e demais
43 iniciativas económicas que vaian nesta dirección. Así, no prazo dun (1) mes a
44 contar dende a aprobación destes textos aprobarase unha Carta Financeira, na
45 cal se estipulará a estrutura financeira da Organización. Este documento será
46 ratificado inicialmente polo Consello Nacional e, posteriormente, haberá de ser
47 ratificado pola seguinte Asemblea Nacional.

1 **9. Formación**

2
3 A Organización, como escola de formación de militantes e cadros para o
4 Partido, deberá adicar inxentes esforzos na preparación ideolóxica, intelectual
5 e en debate da militancia. O Consello Nacional da Mocidade Socialista Galega
6 e os Consellos Comarcais procurarán atención importante neste ámbito, para
7 isto a Organización disporá dunha publicación, coordinada desde o Consello
8 Nacional, cuxa función principal será a información política, a formación teórica
9 e o intercambio de ideas. Tamén se procurarán debates, charlas e encontros
10 sobre temas específicos, e calquera outra actividade que mellore a
11 concienciación e cualificación militante. A través dos espazos establecidos na
12 web nacional poderase tamén ir abrindo debates nos cais a militancia poida ir
13 vertendo a súa opinión. Tamén será esta web un espazo onde ir publicando
14 textos, artigos, libros en PDF... para completar o traballo da Secretaría de
15 Formación, que será de obrigatoria existencia.

16

17

18

19

20

21

22

23

24

25

26

27

28

29

30

31

1 ACCIÓN POLÍTICA EN GALIZA NOVA

2 Preámbulo

3 Nesta tese procederemos a analizar o traballo realizado por Galiza Nova,
4 organización da que todas e todos formamos parte, tentando establecer unhas
5 prioridades claras no nosa actividade. Analizamos o traballo realizado, máis
6 tamén as actitudes e métodos de funcionamento, que na maior parte dos casos
7 avaliamos como inadecuados. Así mesmo, propoñemos solucións e novos
8 campos que nos permitan, nun breve espazo de tempo, poñer a Galiza Nova, e
9 a nós mesmos, na vangarda da mocidade, sendo o seu impulsor, e non o seu
10 lastre.

11 1. Situación actual

12 Logo da última Asemblea Nacional de Galiza Nova, na que concorreron por
13 primeira vez na historia dúas listas, o resultado da mesma visualizou dúas
14 formas de entender a acción política nas mocidades do BNG, levando a lista
15 que encabezou Iria Aboi o 60% dos apoios (UMG e independentes) e a
16 encabezada por Macías López o 40% dos mesmos (apoiado polo que agora é
17 a Mocidade Socialista Galega, ISCA, Encontro Irmandiño e independentes).
18 Neste sentido, durante o discurso na sesión de clausura da que agora é
19 Secretaria Xeral apelouse á unidade para entre todos e todas xuntos facer de
20 Galiza Nova unha ferramenta útil para a mocidade galega. Non obstante, na
21 primeira Dirección Nacional, observouse que as cousas non ían por ese
22 camiño: das 14 responsabilidades, só 3 ían destinadas a persoas da outra
23 candidatura, tamén propostas para formar parte da Permanente. Optouse, pois,
24 por non aceptar formar parte de dito órgano executivo, dado que non se
25 respectaba a pluralidade ideolóxica de Galiza Nova, ficando un órgano
26 monolítico e totalmente desconectado da realidade do noso país. Nese sentido,
27 co transcorrer dos meses observamos nas Direccións Nacionais unha serie de
28 actitudes totalmente herméticas en sentido orgánico e faltas de imaxinación no
29 político, ademais de continuas faltas de respecto. Polo tanto, dende a
30 Mocidade Socialista Galega entendemos que a situación de Galiza Nova é a
31 seguinte:

32 1.1 Forte división interna: negación sistemática da pluralidade

33 Tralo acontecido na última asemblea nacional, coas irregularidades
34 preassembleares e assembleares, o que correspondía á nova dirección política
35 era intentar implementar os mecanismos oportunos para pechar a creba aberta
36 entre a militancia. Ademais de non integrar na Permanente na súa xusta
37 medida á unha candidatura co 40% de apoio da militancia, afondouse nunha
38 situación que por momentos chegou a ser crítica, con insultos e humillacións a
39 compañeiras e compañeiros simplemente por non comulgar coa liña oficial ou
40 por formular outras alternativas políticas. Neste senso, non semella normal que
41 nunca organización política a día de hoxe a interlocución entre moitas partes
42 sexa nula. Neste sentido, dende a actual dirección política négase
43 sistematicamente a pluralidade que existe no seu seo, achacándoo a cuestións

1 conxunturais e de oportunidade política e non á cuestións estruturais propias
2 da variedade e da riqueza do nacionalismo galego.

3 **1.2 Incapacidade política**

4 Galiza Nova a nivel nacional non tivo ningún tipo de iniciativa política novidosa
5 neste período interasemblemario, a pesares das propostas que moitos e moitas de
6 nós fixemos. Fíxose moita xestión do que xa viña dado por calendario político
7 (Día da Patria, Día das Letras Galegas, Constitución española, as diferentes
8 eleccións) en lugar de facer un axenda propia e levar a iniciativa. Non existe
9 imaxinación máis alá da rolda de prensa e colada de cartaces, ademais dun
10 desaproveitamento da campaña do XX aniversario para abrir Galiza Nova á
11 mocidade galega. Cabe destacar tamén a nula segmentación do discurso
12 político que se fixo nas diferentes eleccións, facendo mimetismo do BNG, en
13 lugar de intentar buscar un discurso propio que conectara coa mocidade e
14 unhas actividades que buscaran máis o diálogo e a interacción que o
15 monólogo.

16 **1.3 Incapacidade orgánica**

17 Organizativamente, a Dirección Nacional non actuou como verdadeiro órgano
18 colexiado de Galiza Nova. Ademais, quitando a Comisión do Festigal (cun
19 funcionamento axeitado) non se aproveitou para nada ese mecanismo que ten
20 moitas finalidades e moi proveitosas: a de formación, a de
21 corresponsabilización e de reciprocidade entre a militancia e a dirección
22 política. Nese sentido, púidose ter avanzado para cohesionar a organización e
23 non foi así. Ademais, a Sede Nacional non se converteu nunha sede aberta e
24 punto de referencia para a mocidade galega, podéndose utilizar non só como
25 ferramenta loxística, senón tamén como lugar onde celebrar pequenos actos de
26 formación ou para un contacto máis directo e personalizado co asociacionismo
27 en xeral.

28 **1.4 Desconexión co tecido social**

29 Dende un punto de vista da interacción co tecido social, este foi bastante
30 pobre. Debemos superar a idea de que a sociedade civil só son os Comités,
31 a CIG, ADEGA ou a Mesa pola Normalización Lingüística. Existe moitísima
32 mocidade artellada en centros sociais, en asociacións culturais, asociacións de
33 creación, en asociacións deportivas e en asociacións de veciños que non
34 debemos obviar para a formulación de propostas programáticas e para o noso
35 ámbito de actuación e de expansión organizativa. Cabe salientar outro punto
36 importantísimo onde Galiza Nova non estivo: nos Festivais de verán que se
37 celebran en todo o país, cunha cantidade inxente de mocidade proclive ás
38 análises nacionalistas que non tiveron oportunidade de ter de primeira man
39 información de Galiza Nova e de observar que esta organización está onde
40 está a mocidade galega.

41

42

1 **1.5 Escasa relevancia na mocidade galega**

2 Galiza Nova, mal que nos pese, non é unha organización maioritaria nin de
3 referencia na mocidade galega. A día de hoxe, a nosa incidencia é
4 practicamente nula. Non somos quen de conectar con ela. Isto é debido a dúas
5 cuestións fundamentais: a propia propensión da mocidade a non ser permeábel
6 a un discurso político e a propia dinámica organizativa e política de Galiza
7 Nova, configurándose por veces como a antítese ás necesidades e demandas
8 reais.

9 **1.6 Cativa militancia activa e pouca corresponsabilización do traballo:** 10 **proceso de *queime* de cadros políticos**

11 A primeira cuestión deriva na segunda e a súa conxunción configúrase como
12 terríbel consecuencia. A día de hoxe a militancia activa de Galiza Nova (isto é,
13 xente da que podes tirar un día calquera para facer unha actividade ou unha
14 campaña) non pasa de cen en todo o país. Isto provoca pouca
15 corresponsabilización do traballo e que sempre recaia nas mesmas mans,
16 facendo que os mozos e mozas rematen moitas das veces queimados e
17 deixando a militancia activa.

18 **1.7 Nefasta comunicación interna e externa**

19 Neste período, a comunicación interna e externa emanada dende a nacional
20 podemos cualificala de estremadamente nefasta. Houbo intentos de recuperar
21 o voceiro interno, mais este non chegou a pasar dun par de números en máis
22 de dous anos. Houbo, tamén, unha infrautilización das novas tecnoloxías,
23 cunha páxina web desastrosa e que se só se utilizaba para colocar notas de
24 prensa. Unha organización que pretende ser referencial e adaptada aos novos
25 tempos, non pode permitirse prescindir deste tipo de ferramentas e doutras,
26 como por exemplo, as redes sociais, chegando de forma directa e sen filtro aos
27 mozos e mozas deste país.

28 **1.8 Lingua: incapacidade de resposta**

29 Galiza Nova tivo que facer máis e mellores esforzos nunha campaña de lingua
30 sostida e respostar ante as agresións ao galego dun xeito directo, contundente
31 e á vez cívico e democrático. Coñecida a campaña provocadora de Galicia
32 Bilingüe en período preelectoral, Galiza Nova non soubo respostar no ámbito
33 da mocidade para desmontar os estúpidos argumentos dos que din que se
34 pretende impoñer o galego, chegando mesmo a interiorizarse auténticas
35 falacias sobre unha suposta imposición que non é tal. Os datos e os
36 argumentos témolos nós e non fomos capaces de respostar por desidia e por
37 falta de iniciativa política.

38

39

40

1 **1.9 Relacións Internacionais e Formación: nada novo**

2 Os ámbitos de actuación que Galiza Nova ten no ámbito internacional son
3 numerosísimos: coas mocidades nacionalistas do Estado e coa lusofonía,
4 dentro das mocidades de Alianza Libre Europea ou con outras organizacións
5 nacionalistas e de esquerdas de latinoamérica ou mesmo das correntes de
6 liberación africana. O feito no período interasemblemario foi moi cativo, mesmo
7 sinalándonos compañeiros e compañeiras de Euskadi e de Catalunya que as
8 relacións das organizacións xuvenís destes nacións con Galiza Nova son malas
9 ou inexistentes. No que se refire á responsabilidade de Formación, e sabendo
10 da súa importancia, esta non fixo ningún tipo de actividade neste período,
11 ficando como unha das principais eivas e que precisan dunha urxente revisión.

12 **1.10 Nula actualización do discurso e práctica política.**

13 A mocidade galega non é a mesma que a de fai vinte anos. A linguaxe, as
14 características sociolóxicas, as necesidades, as demandas e as situacións do
15 noso país non son as mesmas. Galiza Nova precisa urxentemente de novos
16 mecanismos, novas maneiras, novos métodos, novas campañas, nova linguaxe
17 e novas formas de facer política xuvenil. Obviar nas análises políticas que a
18 proliferación de nacionalismo xuvenil nos centros sociais ou noutras
19 asociacións de carácter máis cultural para unha organización que debe de ser
20 a organización política nacionalista por excelencia no nacionalismo xuvenil é un
21 tremendo erro. Tamén as prácticas excesivamente verticalizadas nunha
22 estrutura de varios centos de militantes, obviando as posibilidades que dan as
23 novas tecnoloxías. Debemos actualizar a nosa teoría política a unha Galiza do
24 século XXI. Debemos facer unha práctica política imaxinativa e dinámica,
25 propia dunha organización xuvenil.

26 **1.11 Escasa expansión organizativa e diferente trato á nova militancia**

27 Quitando algunhas comarcas, Galiza Nova, neste período, non logrou aumentar
28 cuantitativamente a súa militancia. Non fomos quen de afortalar comarcas
29 febles e tampouco fomos quen de xerar sinerxías e campañas de efecto-
30 chamada. Resulta tamén sorprendente que non houbera ningunha campaña de
31 afiliación forte a nivel nacional e tamén semella paradoxal que algunhas altas
32 solicitadas (dependendo do e da solicitante e das relacións persoais) tarden
33 meses en facerse efectivas, utilizando os mecanismos ordinarios do
34 organización, que sempre deberían utilizarse de xeito neutro, con clara
35 intención partidista.

36 **1.12 Absoluto mimetismo e dependencia cos plantexamentos do BNG**

37 Galiza Nova non foi quen, ao longo da súa existencia, pero máis
38 marcadamente durante estes dous últimos anos, de marcar liña. A
39 dependencia dos plantexamentos da Fronte é inquebrantábel, e nen tan
40 sequera se plantexa a conveniencia ou non de que unha organización que quer
41 ser referencial entre a mocidade galega busque o seu espazo propio, chegando
42 a seren tachados os que así fixemos de querer rachar Galiza Nova.

1 2. Proposta de actuación: Entre tod@s, unha Galiza Nova!

2 A mocidade galega precisa de liderado político nesta conxuntura crítica no
3 económico e de transformación social. É a nosa vontade e determinación que
4 Galiza Nova exerza ese papel no proceso de construción nacional e de
5 benestar social no ámbito da mocidade. Neste sentido, avogamos por un
6 proceso de reformulación a fondo das mocidades do BNG a partires de catro
7 eixos en positivo.

8 - Galiza Nova, **plural**

9 - Galiza Nova, **aberta.**

10 - Galiza Nova, **combativa.**

11 - Galiza Nova, **operativa**

12 **2.1.- Galiza Nova, plural.**

13 O artigo número catro dos estatutos da organización di: GALIZA NOVA
14 reconece a pluralidade ideolóxica existente no BNG e neste sentido adoptará
15 os mecanismos oportunos que tendan a un recoñecemento explícito desta. En
16 particular, recoñécese o dereito á constitución de tendencias organizadas no
17 seo da Organización e a posibilidade de establecer as medidas necesarias
18 para o seu recoñecemento e desenvolvemento dentro do marco organizativo e
19 de dirección propio de GALIZA NOVA. Non obstante, a praxe política da UMG,
20 que hexemoniza a dirección de GN é a ocultación do pluralismo, a persecución
21 do discrepante e o mais rancio sectarismo. Dende a Mocidade Socialista
22 Galega estamos pola fin das divisións internas, non pola vía da supresión dos
23 colectivos senón pola asunción positiva deles. O nacionalismo xuvenil é rico
24 nas súas propostas ideolóxicas e iso é froito da pluralidade social e política da
25 nosa nación, algo que, no entanto, non oculta entre nós a necesidade e
26 urxencia da unidade de axir nacionalista como medio para conseguir un país
27 máis libre. Entre todos e todas debemos conseguir que a mocidade galega
28 sexa consciente da necesidade de defender a súa terra e a súa cultura, do
29 dereito que lles corresponde a traballar e vivir dignamente e evitar que caia no
30 individualismo e na abulia que o modelo neoliberal reserva para a mocidade.
31 Entre todos e todas debemos parar os pes á ofensiva reaccionaria que quere
32 unha mocidade dócil e submisa, adicada a consumir e competir entre eles por
33 ser máis e máis rendíbel e despreocupada sobre o mundo no que lles obrigan a
34 vivir (insostíbel ecoloxicamente, socialmente inxusto) e, polo tanto, fechada e
35 totalmente insolidaria. Para isto precisamos non só dunha Galiza Nova forte e
36 líder da mocidade galega, senón dunha Galiza Nova plural como para ser
37 capaz de inserir no seu seo a todas as correntes progresistas e nacionalistas
38 que a mocidade galega fai nacer no seu seo.

39 Debemos tomar como propio o valor republicano da fraternidade e ser
40 compañeiros, compañeiras, irmáns e irmás: rematar co sectarismo nos
41 organismos internos e nos espazos de interacción, intentar que as decisións
42 políticas sexan tomadas entre todos e todas, o que provocará, á súa vez, unha

1 maior corresponsabilización do traballo ao sentirse toda a organización
2 copartícipe de todas as actividades.

3 **2.2.- Galiza Nova, combativa.**

4 O liderado de Galiza Nova, alén dunha obra colectiva que precisa da unidade
5 e o pluralismo do nacionalismo xuvenil de esquerdas, será tamén o froito dun
6 intenso traballo de concienciación e mobilización política. A desmobilización e o
7 baixo perfil político desenvolvido na Galiza Nova dirixida pola UMG deben de
8 ser revertidos. Somos conscientes de que partimos dunha situación complexa:
9 de grande debilitamento organizativo e na que nos corresponde atopar un novo
10 papel na sociedade.

11 Pero hai tamén unha cuestión moito máis relevante. A politización da mocidade
12 galega. Non é unha nova recente que a maioría da mocidade opta pola
13 abstención nos procesos eleitorais, nin é nova a tendencia a asumir os valores
14 dominantes. A nación galega e a súa viabilidade futura precisan de que o
15 nacionalismo xuvenil, dun carácter socialista e republicano, lidere o discurso
16 político xuvenil. Tamén esixe a mobilización política da xente nova e a
17 consecuente reversión das tendencias reaccionarias no seu seo. Temos unha
18 responsabilidade histórica, e non debemos quedar atrás. Non temos ningunha
19 dúbida de que posuímos os mellores valores, non temos ningunha dúbida de
20 que dende a esquerda aberta e o nacionalismo temos a resposta à
21 desorientación e ao apoliticismo da mocidade galega.

22 É hora de:

23 - Galeguizar Galiza: Recuperando o vello lema das Mocidades
24 Galeguistas, Galiza Nova debe estar na rúa reivindicando a nación galega: o 17
25 de maio, reivindicando a lingua; na rede, reivindicando o .gal; o 6 de decembro,
26 reivindicando os dereitos nacionais que España nos nega; cando haxa
27 competicións deportivas internacionais, reivindicando a oficialidade das nosas
28 seleccións; reivindicando a nosa historia e o noso patrimonio, fronte ao desleixo
29 e a conversión en souvenirs.

30 - Enfrontar a inxustiza: A mocidade galega emigra, sofre unha
31 universidade mercantilizada, a presión do traballo precario e as retribucións
32 baixas, a hipocresía da sociedade perante a cuestión das drogas, ou mesmo
33 dinámicas globais coma a cuestión ecolóxica, as guerras imperialistas... existen
34 todo un colectivo de temáticas que fican despolitizadas pola inanición de Galiza
35 Nova e que están sendo entendidas desde o marco ideolóxico dominante, que
36 non é neutro.

37 - Defender a liberdade: Actualmente, estamos nunha ofensiva reaccionaria
38 contra os dereitos das mulleres, contra o laicismo, contra os dereitos das
39 minorías. Fronte a isto, Galiza Nova debe de afrontar a situación reivindicando
40 a liberdade, o respecto, a igualdade e o internacionalismo. A mocidade
41 nacionalista e de esquerdas ten que reivindicar os dereitos das persoas
42 diminuídas físicas e psíquicas e reivindicar o respecto e a supresión das

1 barreiras, ao igual que cos teitos de cristal que ameazan ás mulleres, ou as
2 imposicións relixiosas...

3 **2.3.- Galiza Nova, aberta.**

4 A unidade e a mobilización da nosa organización esixe unha apertura en dous
5 sentidos: interna e externa.

6 **a)** A apertura interna é a base da unidade. Non pode existir coherencia nin
7 coordinación mentres Galiza Nova sexa unha agrupación de departamentos
8 estancos. Non temos diferenzas ideolóxicas insalváveis no noso seo, senón
9 desavinzas persoais mutadas en ausencia de diálogo e empatía política.
10 Entendemos que non está todo perdido e que a organización pode
11 recompoñerse mediante a súa adaptación à nova xeira tecnolóxica. Dende a
12 Mocidade Socialista Galega propoñemos a horizontalizadade dos
13 procedementos internos mediante o uso das novas tecnoloxías. O mecanismo
14 é sinxelo, mantendo a estrutura política convencional, Galiza Nova debe crear
15 unha estrutura organizativa informal totalmente horizontal. O que nós propomos
16 é a creación dun lugar de encontro telemático para toda a militancia
17 (restrinxido, xa que logo a ela) no que todos poidamos analizar, propoñer ideas
18 e, sobre todo, afianzar o noso coñecemento mutuo. O obxectivo é superar a
19 incomunicación que actualmente existe en Galiza Nova, se queremos unha
20 organización forte que lidere à mocidade do país, necesitamos unha
21 organización diversa e plural pero unida. A telemática fornece hoxe de
22 ferramentas para afrontar con éxito esta cuestión e é a nosa obriga
23 empregalas. Así mesmo, a creación de comisións sectoriais nacionais,
24 comarcais e locais abertas a toda a militancia deben de ser foros formais para
25 o debate e o acordo. Xa que todos somos importantes, todos contamos. É
26 entre todos (e máis que veñan) que podemos afrontar os retos que a liberdade
27 da Galiza supón.

28

29 **b)** Pero tamén precisamos unha apertura externa. Non podemos virarlle as
30 costas á sociedade, temos que sermos capaces de interactuar con ela, non
31 podemos esixir entusiasmo e seguimento á mocidade do país se non somos
32 quen de ilusionala coas nosas propostas, pero tampouco se non somos quen
33 de respectar as fórmulas de autoorganización que existen no seu seo e
34 colaborar con elas. Galiza Nova debe de tentar implicar nas súas campañas
35 non só aos mozos e mozas individualmente, senón tamén ás organizacións de
36 diverso tipo (culturais, locais sociais, deportivas, musicais,...) que a mocidade
37 galega crea en uso da súa capacidade de autoorganización. Para frear a
38 desconexión co tecido social debemos manter unha presenza sostida a partires
39 de admitir a existencia de novos espazos do nacionalismo xuvenil organizado e
40 impulso de novos. Isto, xunto cunha actualización do discurso e práctica
41 políticas, falándolle á mocidade na súa linguaxe, con novos mecanismos,
42 novas maneiras, novos métodos, novas campañas, e novas formas de facer
43 política xuvenil, fará que revertamos a nosa escasa relevancia na mocidade
44 galega.. Debemos actualizar a nosa teoría política a unha Galiza do século XXI.

1 Queremos unha práctica política imaxinativa e dinámica. Queremos que Galiza
2 Nova sexa parte da mocidade galega e está sempre ao seu carón.

3 **2.4 Galiza Nova, operativa**

4 Galiza Nova debe ser consciente en todo momento das súas enormes
5 potencialidades, mais tamén, como é obvio, das súas limitacións. A súa
6 capacidade de avance deriva moito do que aporten os e as súas militantes,
7 mais tamén do traballo dos seus liberados políticos. Debemos avaliar a
8 necesidade de termos un liberado máis a nivel nacional dedicado a cuestións
9 máis loxísticas, deixando ao resto en cuestións de intendencia política. Para un
10 Galiza Nova operativa:

11 **a)** Ante a incapacidade política, iniciativa política. Debemos marcar un
12 calendario de traballo con campañas imaxinativas e abordando os novos temas
13 que se dan na sociedade. As demandas dos mozos e das mozas trocáron, e os
14 seus problemas tamén. Para iso debemos procurar aplicar novos métodos de
15 interacción coa mocidade para actualizar discurso. Debemos ser unha
16 organización perméabel á sociedade. As novas tecnoloxías da información e do
17 coñecemento, o software libre, os centros sociais, o altermundismo, o
18 multiculturalismo. Debemos facer entender aos compañeiros e ás compañeiras
19 de Galiza Nova que a mocidade galega trocou e que, lonxe de actitudes
20 paternalistas, debemos interactuar e escoitar a este segmento específico da
21 sociedade para entre todos e todas buscar solucións aos seus problemas, que
22 son os nosos, compartir o seu lecer e participar activamente en encontros
23 multidisciplinares sobre cuestións diversas, como xénero, comunicación ou
24 prostitución, onde participan mozos e mozas e onde nós podemos dar a nosa
25 postura sobre os diversos temas, escoitalos a eles, e que eles nós escoiten a
26 nós. Tamén cremos conveniente ter sempre presente a vivenda e o emprego
27 como elementos presentes na actuación política diaria, facendo un plano de
28 emprego xuvenil actualizado. Sen esquecer, claro está, todas aquelas
29 campañas que colateralmente inciden na vida dos mozos e das mozas, como
30 transporte, drogas, o fenómeno do botellón, os problemas dos prezos públicos
31 e do Sistema Universitario de Residencias no SUG, etc. Noutra orde de
32 cuestións, hai que destacar a necesidade de marcar un discurso político propio,
33 fresco, que conecte coa mocidade e que dialogue con ela.

34 **b)** Ante a incapacidade orgánica, renovación das estruturas. Debemos adaptar
35 as estruturas da organización aos novos tempos baixo varias premisas: dúas
36 liberacións políticas e unha loxística; aproveitamento político e de cohesión das
37 Comisións Nacionais coa obrigatoriedade de convocalas cando menos unha
38 vez cada seis meses, abertas á militancia, de todos e cada unha das
39 responsabilidades; colexialidade da Dirección Nacional e unha Permanente
40 operativa e dinámica e converter á Sede Nacional nun local da mocidade
41 galega, ao seu servizo.

42

43 **c)** Ante a nefasta comunicación interna e externa, unha política comunicativa
44 integral. O que se debe facer é un plano de comunicación, diferenciando os

1 dous ámbitos, pero cunha interacción continua. En función das características
2 da organización, unha comunicación interna integral utilizarase e adaptarase á
3 organización. O público está ben definido, é por iso terase que crear un clima
4 positivo e de confianza (tanto interno como externo) e nunca de tensión
5 poñendo por piares a arrogancia, o despotismo e a imposición. Para iso
6 poderíase facer un pequeno plano de comunicación onde apareza recollido un
7 boletín mensual (electrónico, por exemplo), no que cada membro da
8 Permanente dea conta da súa responsabilidade expoñendo as liñas mestras da
9 súa actuación. Existiría, así, un coñecemento por parte de toda a militancia do
10 que están a facer os seus representantes a nivel nacional de forma directa.
11 Cómpre ter en conta as relacións humanas e as necesidades e expectativas
12 dos militantes.

13 Non existe agora mesmo en Galiza Nova un plano de comunicación interna.
14 Nela deberíase debuxar a política de comunicación interna, establecendo
15 obxectivos. A comunicación interna ten como principal obxectivo transmitir
16 información, procesar datos. Todo isto é moi importante para crear un clima de
17 camaradería compartindo proxecto común cara a sociedade. Para facer un
18 plano de comunicación interna tense que marcar uns obxectivos principais:

19 - Aumentar o compromiso dos militantes coa organización

20 - Comprensión por parte do conxunto da militancia dos problemas da Dirección
21 para levar a cabo un proxecto político de mozos e mozas para mozos e mozas,
22 compatibilizando estudos e, ás veces, presión familiares.

23 - Contribuír á identificación dos membros de Galiza Nova coa súa imaxe e
24 proxecto, respectando escrupulosamente unha estrutura interna caracterizada
25 pola pluralidade ideolóxica e nunca tendo posición hexemonizadora no
26 conxuntos da organización.

27 - Resolver problemas ou crises internas sen que trascenda ao exterior.

28 O público que nos diriximos é o conxunto da militancia. Isto é unha vantaxe, xa
29 que está perfectamente identificado e localizado. Temos continuo contacto con
30 el e podemos establecer a comunicación dunha forma máis axeitada.

31 No que refire á comunicación externa, o Mocidade, ten un escaso atractivo no
32 deseño: capas pouco atraíntes, escaso impacto visual e unha imaxe anticuada.
33 É pouco visual, de aparencia gris e pouco atraínte. A maquetación é pesada e
34 o formato é pouco manexábel, artigos con demasiado texto e escasez de
35 imaxes de grande e variado formato. Débese reducir o formato, reformular o
36 deseño das capas e a maquetación, cunha nova liña gráfica e darlle unha
37 modernidade na imaxe. Ao voceiro interno Por Diante pásalle algo semellante.
38 No que se refire á páxina web, esta ten un deseño anticuado, cunha escasa
39 presenza de elementos multimedia, a imposibilidade de interacción, falta de
40 opcións de accesibilidade e desaproveitamento da opinión como elemento de
41 formación. Debemos reformular a páxina web, proveitalo e convertelo nun
42 portal da mocidade galega; tamén debemos reformular o Mocidade,
43 colocándoo en centros sociais e lugares onde estén os mozos e mozas deste

1 país. No que se refire ás relacións de Galiza Nova cos medios de
2 comunicación, débense mellorar a presenza de Galiza Nova nos medios, a
3 convocatoria de roldas de prensa, a relación directa con xornalistas, a
4 coordinación de artigos de Opinión, a atención aos portais de información en
5 Internet, as propostas de actualizacións das informacións da páxina web, o
6 seguimento, axuda, coordinación, creación e funcionamento de voceiros
7 comarcais, etc. O obxectivo primordial é saber utilizar á prensa para os
8 intereses da organización: o obxectivo da comunicación debe ser informar á
9 opinión pública sobre Galiza Nova e as súas actividades e proxectos. A
10 Responsabilidade de Comunicación debe ser a encargada de establecer
11 contactos estables cos medios de comunicación e ter unha boa relación cos
12 xornalistas da área. Débense enviar comunicados de prensa, xestionar
13 entrevistas, reportaxes, etc.

14 **d)** Ante unha excasa expansión organizativa, unha campaña de militancia. *Son*
15 *moz@, quero unha Galiza Nova!*

16 Non debemos ter medo a abrir a organización á mocidade galega. Existe
17 moitísima mocidade nacionalista que debe militar con nós, que debe
18 autoorganizarse dentro dos nosos lindes políticos e que debe colaborar no
19 proceso de construción nacional e de emancipación social. a través do BNG.
20 Unha campaña aberta, dinámica, atractiva e que mostre unha organización
21 fresca, con ideas e con atractivo para que o maior número de mozos e mozas
22 do noso país se desexe sumar ao proxecto.